

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

EDUCACIÓN

GRUPO 1: DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

MESA: Educación

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1. Reforzar o sistema educativo mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos “verdes” e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital.**
 - 1.1 Investir en métodos de aprendizaxe e contidos que aposten pola innovación e a tecnoloxía, que debe chegar tamén ás áreas rurais.
 - 1.2 Apostar por métodos de ensinanza baseados na aprendizaxe por proxectos e o pleno manexo de idiomas/plurilingüismo.
 - 1.3 Desenvolver novas capacidades adaptadas á realidade económica e sociolaboral. En concreto: reforzar a ensinanza en Matemáticas como vía de aprendizaxe de competencias dixitais; estender a modalidade de Bacharelato STEM (Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía); introducir/estender contidos de economía e finanzas; mellorar outras destrezas e habilidades como o traballo en equipo, creatividade, pensamento crítico e habilidades comunicativas.
 - 1.4 Reforzar os plans de formación do profesorado, especialmente en materia de novas tecnoloxías e idiomas.
 - 1.5 Axustar nos centros docentes a relación do número medio de alumnos e alumnas por unidade, atendendo ás necesidades de escolarización e ás características específicas do alumnado. Eliminar as diferenzas horarias entre os centros.
- 2. Diminuír o fracaso escolar, mellorar a empregabilidade do alumnado, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas.**
 - 2.1 Reforzar os equipos de orientación e a formación do profesorado orientada á detección e atención das necesidades específicas de apoio educativo nas aulas.
 - 2.2 Mellorar os medios para a detección, diagnose previa e tratamento das necesidades específicas de apoio educativo.
 - 2.3 Mellorar as medidas de atención á diversidade en todas as etapas e niveis.
 - 2.4 Adaptar as ratios de alumnado por unidade para atender adecuadamente o alumnado con necesidades específicas.
 - 2.5 Reforzar os programas de mellora do rendemento académico e aprendizaxe (PMAR) en 2º e 3º da ESO.
 - 2.6 Fortalecer e estender en centros de educación secundaria a oferta de FP Básica como vía para reducir o fracaso escolar e o abandono temperán dos estudos.
 - 2.7 Levar a cabo unha análise sobre as causas do abandono dos estudos no ensino universitario.

- 3. Elevar a participación na formación profesional de grao medio e superior, mellorando a súa calidade e aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.**
 - 3.1 Proporcionar unha adecuada imaxe e información sobre a FP como opción de estudo.
 - 3.2 Abordar a creación dun mapa dinámico de Formación Profesional.
 - 3.3 Mellorar a oferta de formación profesional no rural.
 - 3.4 Fomentar a FP Dual e reforzar o papel que debe xogar o ámbito empresarial na definición da demanda.
- 4. Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral.**
- 5. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega.**
- 6. Fomentar a colaboración entre as universidades e a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus.**
 - 5.1 Continuar/mellorar o esforzo de investimentos en I+D.
 - 5.2 A internacionalización das universidades debería comprender a creación dun programa de mobilidade do persoal docente.
 - 5.3 Impulsar unha nova Lei estatal de universidades.
- 7. Reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde.**
 - 6.1 Reforzar a filosofía e introducir novos contidos como a bioética e a educación en cidadanía dixital.
 - 6.2 Impulsar que as ensinanzas das humanidades e valores sociais estean convenientemente presentes no currículo.
 - 6.3 Reforzar os mecanismos de colaboración coas familias de cara a súa función educativa.
- 8. Introducir sistemas de avaliación da calidade do ensino e do financiamento de proxectos.**
- 9. Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente.**
- 10. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino.**

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 A taxa de abandono escolar é superior á media europea aínda que se reduciu significativamente nos últimos anos.	A.1 A perda de poboación nas zonas rurais e a dispersión como factores dun posible encarecemento dos servizos básicos relacionados coa educación.	F.1 Un sistema público de ensinanza consolidado e unha rede de centros que permite dispoñer deste servizo básico en proximidade ao domicilio familiar. Importante esforzo na prestación de servizos e axudas complementarias da ensinanza.	O.1 Apostar por un sistema educativo centrado nas necesidades das persoas, inclusivo, equitativo e eliminador de barreras para a promoción de todos e todas.
D.2 Escaso desenvolvemento da colaboración co sector empresarial para a formación profesional e a aprendizaxe.	A.2 Lexislación cambiante, inconsistente e de marcado carácter político.	F.2 Segundo os resultados do Informe PISA correspondente a 2015, os estudantes de Galicia presentan un nivel medio de rendemento superior á puntuación media de España, da UE e da OCDE, nas tres competencias consideradas troncais: ciencias, lectura e matemáticas.	O.2 Fomentar unha educación que axude aos cidadáns a coñecer e utilizar as Tecnoloxías da Información de maneira intelixente.
D.3 Distancia entre a oferta académica da ensinanza superior e as necesidades do contorno socioeconómico.	A.3 Desigualdade de oportunidades educativas como consecuencia das dificultades económicas familiares.	F.3 Existencia de estratexias e plans sectoriais: Proxecto Abalar (“Da aula dixital á educación dixital”), Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras, Plan de dotación de infraestruturas educativas, Plan de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR), etc.	O.3 Utilizar as novas tecnoloxías para mellorar o sistema educativo coa dotación de medios tecnolóxicos e desenvolvendo contidos educativos dixitais.
D.4 Existencia de centros educativos antigos e obsoletos. Inadecuación das infraestruturas educativas á implantación de novos ciclos de formación profesional e á potenciación da mesma. Insuficientes infraestruturas para atender unha maior demanda en determinados núcleos urbanos.		F.4 Galicia supera o obxectivo establecido en 2020 na Estratexia Europa 2020 da taxa de titulados da ensinanza superior.	O.4 Potenciar a educación e formación en sectores que crearán emprego no futuro: medio ambiente (emprego verde), economía do coidado, competencias STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e economía rural.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.5 O dominio de linguas estranxeiras é inferior á media europea.</p>			<p>O.5 Promover unha avaliación formativa, diagnóstica, orientadora e continua ao longo do proceso de aprendizaxe e que contemple todos os aspectos que inciden no proceso educativo, incluído o funcionamento dos centros, os seus recursos, o labor docente e as metodoloxías de ensino e de aprendizaxe.</p>
<p>D.6 Sistema educativo baseado excesivamente nos resultados académicos, obtidos máis a partir da capacidade memorística que da capacidade crítica e de análise, en lugar de fomentar a motivación, o traballo persoal e as gañas de aprender nos estudantes.</p>			<p>O.6 A educación é unha prioridade nas principais estratexias internacionais. É un ODS da Axenda 2030 das Nacións Unidas que busca garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente. Ademais, é un principio do pilar europeo de dereitos sociais e un obxectivo específico obxecto da política de cohesión no vindeiro período 2021-2027.</p>
<p>D.7 Descenso nos últimos anos do gasto público en educación respecto ao PIB, porcentaxe lixeiramente inferior á media nacional e por debaixo da media europea.</p>			
<p>D.8 Reducidos recursos destinados á formación permanente do profesorado.</p>			
<p>D.9 Avaliacións externas e internas de diagnóstico da calidade do ensino pouco desenvolvidas.</p>			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.10 Ratios de alumnado por unidade en funcionamento mellorables, especialmente para atender adecuadamente ao alumnado con necesidades específicas.			
D.11 Reducida participación do alumnado na formación profesional de grao medio e superior.			